


# SÓLODOS EN DANZA OURENSE / 2017 FESTIVAL INTERNACIONAL DE DANZA CONTEMPORÁNEA

22, 23 e 24 de Novembro / Auditorio Municipal de Ourense



**SÓLODOS  
EN DANZA**



Concello de  
**OURENSE**  
Cultura



AUDITORIO  
MUNICIPAL  
DE OURENSE



**Paso 2**  
Plataforma Coreográfica A.C.



**AC/E**  
ACCIÓN CULTURAL  
ESPAÑOLA



**PABLO  
SALAS**

**Galicia**  
Comunidade

Concello de  
**OURENSE**  
Educación

**SÓLODOS!**

## 22 NOVEMBRO

10H / **Workshops** para Profesionais - Master Class *Physical Endless* con **Victoria P. Miranda**

Lugar: Sala Principal / Auditorio Municipal de Ourense | Horario: 10 - 11.30 horas | Destinado a: Profesionais de Danza

12H / **Foro - Presentación do Proxecto Sólodos en Danza**

Lugar: Sala Vermella / Auditorio Municipal de Ourense | Horario: 12 - 14 horas | Destinado a: Todos os Públicos

Participan: Artistas da XIRA a Costa Rica 2017: Paula Quintas / Laura Literas e Marina Fullana · UnaiUna / Héctor Plaza e Agnés Sales / Miguel Ángel Punzano · Tejido Conectivo / Director da Compañía Nacional de Danza de Costa Rica: Adrián Figueroa / Festival Trayectos e Red a Cielo Abierto: Natividad Buill / Artista premiada Sólodos En Danza: Victoria P. Miranda

18H / **Workshop** Estudiantes - Taller *Danza Contact* con **Miguel Ángel Punzano - Tejido Conectivo**

Lugar: Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense | Horario: 18 - 19.15 horas | Destinado a: Estudiantes de Danza

## 23 NOVEMBRO

11H / **Función Xove** - Actuación das Pezas finalistas do Certame de Creación de Dúos e Solos en Danza Contemporánea / Charla cos Artistas / Votación do PREMIO XOVE 2017

Lugar: Sala Principal / Auditorio Municipal de Ourense | Horario: 11 - 12.30 horas | Destinado a: Estudiantes de 2º, 3º e 4º de ESO - Actividade realizada en coordinación coa Concellaría de Educación do Concello de Ourense.

16.30H / **Workshops** para Profesionais - Master Class *Corpo Sutil* con **Miguel Ángel Punzano**

Lugar: Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense | Horario: 16.30 - 18 horas | Destinado a: Profesionais de Danza

18H / **Workshops** para Estudiantes - Taller de *Danza Urbanas* con **Agnés Sales e Héctor Plaza**

Lugar: Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense | Horario: 18 - 19 horas | Destinado a: Estudiantes de Danza

## 20.30H / Gala SÓLADOS EN DANZA

### ANALEPSIS / Paula Quintas

Artista convidada na pasada edición do Festival SÓLADOS EN DANZA en Costa Rica.

Escena retrospectiva ANALEPSIS, plantexa a historia conectando momentos distintos e trasladando a acción ao pasado. Birelacional. Corpo-Obxecto.

Música: Alva Noto e Olafur Arnalds | Duración: 13 minutos

### EHIZA / Agnés Sales e Héctor Plaza

Premio SÓLADOS EN DANZA no Certame Internacional de Coreografía Burgos - New York 2016.

EHIZA é unha loita de poderes, una persecución constante entre depredador e presa. Un continuo cambio de rol e interacción entre dous corpos. É unha loita onde toman importancia o uso estratéxico da axilidade, a forza, a velocidade.

Música: Johann HJohannsson, Trememoller e Old Apparatus | Duración: 13 minutos

### AGUA / Chey Jurado

Premio SÓLADOS EN DANZA no Certame Internacional de Coreografía Burgos - New York 2017.

Solo que forma parte da coreografía "Sentinel", que trata sobre os catro elementos primarios da natureza: auga, terra, lume e aire. Neste extracto, centrado na auga, describíense e intérpretanse en clave de danza urbana os diferentes estados, formas ou texturas nas que se presenta



Foto de Pablo Vargas



Foto de Pablo Vargas



Foto de Elias Aguirre



Foto de Manu Lago

esta substancia esencial. Un elemento que, como o movemento, pode ser líquido e adaptable, sólido e ríxido como unha rocha, gaseoso e volátil, que pode flúir, que pode evaporarse, que pode dar vida ou, á súa vez, quitala.

Música orixinal: Diego Garrido | Duración: 14 minutos.

### **ALL INCLUSIVE / Laura Lliteras e Marina Fullana · UnaiUna**

Artistas ganadoras de SóLADOS EN DANZA / OURENSE / 2016.

Os "guiris" son aqueles cos que podes cruzarte por un paseo marítimo levando unhas sandalias con calcetíns debaixo e cun tono roxizo de pé. Os guiris son aqueles que veñen cunha ruta preparada por un guiri, que van guiados por un guiri que os leva con outros guiris a ver cousas de guiris. Pero si nós viaxamos fóra: Somos guiris? Teñen os guiris un termo para referirse a nós? Eles siguen sendo guiris no seu propio país?

Música: Los Pekenikes (Tren Transoceánico a Bucaramanga) | Asistente de coreografía: Raquel Klein | Duración: 15 minutos.

### **AND THATS WHY IM HERE TODAY / Victoria P. Miranda**

Premio SóLADOS EN DANZA no Certame Internacional de Coreografía Burgos - New York 2014.

"O real, o imaxinario e o simbólico". ( Jacques Lacan )

"O mundo real é moito máis pequeno que o mundo da imaxinación". ( Nietzsche )

En ocasións sínteste tan cheo que pensas que podes con todo. Despois vén o momento de non saber cara onde ir.....

E entón, quedaste sen aire....."

Tan sinxelo como él!

Sen pensar, sen darlle explicación a todo, chegar e facer!

E por iso estou aquí hoxe!

Música: Pansonic e Digger Barnes | Duración: 15 minutos.

## **24 NOVIEMBRE**

11H / **Workshops** para Profesionais - Master Class *Korpuz Asma* con **Mikel Aristegui**

Lugar: Sala Principal / Auditorio Municipal de Ourense | Horario: 11 - 12.30 horas | Destinado a: Profesionais de Danza

18H / **Workshops** para Estudiantes - Taller de *Danza Contemporánea* con **Laura Lliteras e Marina Fullana · UnaiUna**

Lugar: Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense | Horario: 18 - 19.15 horas | Destinado a: Estudiantes de Danza

21.30H / **Certame de Creación de Dúos e Solos en Danza Contemporánea**

**Apertura do Certame** coa coreografía *DOSIS*, Premio SóLADOS EN DANZA / Ourense / 2016.

Creación e Interpretación: Marina Fullana e Laura Lliteras · UnaiUna

Traballo baseado na loucura que toda muller ten. Nas relacións e os diferentes estados que vive día a día. Os dous corpos xogan a ser un con dous roles distintos, Entrelázanse e buscan puntos de inflexión comúns, onde ambas se cruzan mentres percorren o seu camiño persoal. Puntos de relación que rematan sendo adictivos e necesarios, que transforman unha relación nun escape vital para sobrevivir.



Foto de Pablo Vargas



Foto de Clara BES



Foto de M. Thompson



Foto: Pablo Vargas

## Certame de Creación de Dúos e Solos / Pezas finalistas

*DO YOU UNDERSTAND ANYTHING? / TRY...* | Creación e Interpretación: Alejandra Balboa

"Do you understand anything? I try..." ten como estímulo a linguaxe de signos como forma de expresar un conflito introspectivo que provoca na intérprete a necesidade de cuestionarse cada decisión tomada, derivado da insatisfacción xeral a nivel social e persoal, sen ningún reparo en mostrar a súa indiferencia fronte ás opinións do resto. "Unha mala lectura da situación. A lectura correcta é que sinxelamente non o entendo. En absoluto"

*I'M NOT A KID ANYMORE* | Creación e Interpretación: Amau Pérez

Un ser humano expresa a través de si unha idea inicial baseada solo no seu aspecto superficial. ¿Pero atópase a madurez dentro dese corpo ou é un elemento creado pola percepción externa? ¿Son xa un adulto? Xa non son un neno pero tampouco quero deixar de selo.

*QUE NO TE HE DICHO* | Creación: Anna Sagrera e Carla López - Colectivo kã | Interpretación: Anna Sagrera e Helena Gispert

Falamos da estreita liña que separa unha relación materno-filial sana e unha relación de sobreprotección, un concepto que queda en entredito por medio de situacións familiares cotiás. "Que no te he dicho" é unha peza de danza con toques de teatro que comenza de maneira reflexiva. Poñemos en escena as dúbidas dunha nai primeiriza presentando a personaxe e escoitando un texto claro e directo. Divertímonos ao coñecer a personaxe da filla que devolve á infancia aos maiores e fai rir aos máis pequenos. Viaxamos na evolución da nena pasando por escenas cotiás, como tomar o almuerzo, e chegando á vergoña allea que a todos nos chegou cando os nosos pais nos deixan en evidencia.

*LAS VACACIONES MÁS LARGAS* | Creación e Interpretación: Diego M. Buceta

Igual que Allen soñaba con Rockland e cunha longa viaxe por mar ata a porta da súa casa de campo na noite de Occidente, eu soño con chegar despois dunha longa travesía ata esa paisaxe rocosa onde xa non sona máis que o zoar do vento. Un saco de ósos que vaga arrastrado como un cadáver vivo e que busca elevarse e desaparecer, misturándose co polvo e as estrelas. E así deixar de ser algo. E así ser felizmente parte de todo.

*OMNIA y QUIMERA* | Creación: Irene García-La Quebrá | Interpretación: Irene García e Raquel Santacruz

Xogamos a encher o baleiro que queda entre dous corpos distantes, unha quimera porque quizais non poidan xa nin tocarse pero o espazo que queda entre eles está cheo de xogos, de ilusións, de fantasía, de brillo, de soños... ese espazo está cheo do espírito xove do que un día foi... "Libertas perfundet OMNIA luce" (a liberdade enche todo de luz).

*ON* | Creación e Interpretación: Alba Fernández Cotelo - Cía Exire

De súpeto, un só dedo acende cada parte do meu corpo. A súa enerxía leva ás miñas vísceras a experimentar unha sacudida tan potente como a forza mínima que provoca violentos furacáns. Son os xestos sutís que envolven a atmósfera de caricias e enerxía vital. Invítote a que entres no meu corpo sen ter compaixón. Entras e percorres, observas, explodinas. Vén, vén... Mece o meu corpo, para que se mova diferente, e me transporte a outro lugar.

**Acción Participativa e Votación do Premio do Público conducida por Mikel Aristegui - NÓS TAMÉN**

O bailarín e coreógrafo M. Aristegui animará unha acción participativa relacionada coas pezas representadas e a votación do novo "Premio do Público". Para iso fará falta vontade e quitarse os medos para subir ao escenario ademais dunha dose de humor. As imaxes máis impactantes, a idea xeral da peza, os roles masculino/femenino e a combinación da música, vestuario e luces serán puntos de referencia para esta acción participativa ao mesmo tempo que criterios para a votación do público.

### Entrega de Premios

Premio SÓLODOS EN DANZA / OURENSE / 2017

Premio do Público

Premio Xove

[www.solodos.es](http://www.solodos.es)

Equipo SÓLODOS En Danza Ourense 2017

Dirección e coordinación: Erick Jiménez e Maruxa Salas | Xefe técnico: Afonso Castro | Producción, web e imaxe: Manu Lago